



1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

: Costa da Morte. Sector: Seo de Corcubión. Municipio: Cee. Parroquias: Santiago da Ameixenda e Santa Baia de Brens na esquina noroccidental. Extensión: 1,91km2.

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Pequena chaira litoral de perfil costeiro recortado e situada entre pequenos cantís, que se desenvolve cara ao leste, até toparse coas pronunciadas vertentes das elevacións montañosas que a circundan. Destaca o val que cara ao sudoeste forma o arroio Ameixenda e os seus tributarios, seguindo as principais liñas de falla da unidade.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade dominada polos granitoides migmáticos hercínicos, con facies graníticas homoxéneas na parte máis costeira, e facies normais no Alto de Montemaior. Pero, nunha banda ancha que atravesa a unidade de NNO a SSE, á altura da confluencia dos arrosios Fume do Cal e Caveiro, aparece un ortogneis biotítico de diferente antigüidade. Asociada a esta banda aparece, en Ameixenda, un pequeno enclave de xistos con algúns niveis de cuarcitas do Dominio Migmatítico e das Rochas Graníticas, Grupo Laxe, de Idade precámbrico-silúrica. Tamén na zona da Igrexa, un moi pequeno filón de microgranitos. O Cuaternario conta con aluviais na valga tectónica de Agra da Ribeira.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Vertente acantilada de ambiente climático Cálido e Húmido definido por temperaturas medias anuais superiores a 14°C e precipitacións acumuladas de entre 1200mm e 1400mm ao longo do ano. A amplitude térmica media anual oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C. A cabeceira da unidade está máis exposta ás masas de aire húmido oceánico polo que rexistra valores medios de precipitación superior, entre 1400mm e 1600mm.

OS SOLOS

Á Barra de Brens, nas Augas Costeiras da costa de Cee (20144), chega o arroio de Miñóns. A partir del a rede hidrográfica ramifícase en varios arrosios: dos que destacan o de Paraíso e o de Cabana como afluentes pola beira dereita.


AS AUGAS

O arroio da Ameixenda funciona como colector principal da rede de drenaxe da unidade. Cara ao interior recibe as achegas dos arrosios de Fume do Cal e Caveiro para desembocar nas Augas Costeiras de Cee (20144).

O PATRIMONIO NATURAL

Costa baixa de cantís e plataforma rochosa con algúns pequenos depósitos areosos. Destacan o hábitat 1230 de cantís mariños atlánticos e o 1210, vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. Na vertente costeira as masas arbóreas de interese encóntranse no Rego da Furna do Cal, onde aparece un estreito bosque fluvial (91E0). Entre os campos de cultivo próximos aparecen rodais de frondosas de recolonización, e na parte alta da aldea de Ameixenda existe unha masa de frondosa derivada da existencia de antigos soutos, 9360, Bosques de Castanea sativa e 9330, Bosques galaicos-portugueses de Quercus robur e Quercus pyrenaica. Nas ladeiras altas que pechan a unidade polo interior aparecen matos secos da Europa temperada, en concreto podería desenvolverse, máis ou menos degradado, o 4030, breixos secos europeos.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

O uso máis xeneralizado na unidade é o uso agrícola, estendéndose os campos de cultivo por toda a chaira frontecosteira. Dominando esta chaira aséntanse os núcleos das Lamas e A Igrexa. Na zona norte atopamos un predominio dos bosques de masas mixtas, sobre todo próximos á súa fachada litoral, e entre as cotas 50m e 125m a superficie esta poboada de frondosas de repoboación.

MORFOLOXÍA

Os asentamentos existentes na unidade son As Lamas e A Igrexa (considerado núcleo de identidade do litoral), que conforman a parroquia de Santiago de Ameixenda. Un límite físico como é o Arroio de Ameixenda separa os núcleos, que se distribúen de forma lineal apoiados na estrada AC-550, a súa estrutura é compacta, desenvolvéndose sobre un eixo central, deixando libres os terreos de cultivo. A súa periferia desenvólvese arredor das vías de comunicación, desmantelando esa compacidade que tiña o núcleo primixenio. A tipoloxía das novas construcións son de tipo unifamiliar, desligándose da antiga tipoloxía, na que as vivendas dunha soa planta estaban asociadas ás actividades agrarias da zona. Debido ao crecemento dos núcleos apareceron novos equipamentos para dar servizo á cada vez maior poboación existente.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

As estruturas de mobilidade existentes na unidade son infraestruturas viarias. Dous son as principais, a AC-550 e a AC-197, ambas cruzan a unidade lonxitudinalmente de norte a sur. Antigamente só existía a AC-550, máis sinuosa e adaptada ao relevo da zona (é a que discorre polos núcleos de poboación servíndolle como nexos de unión). A AC-197 é unha vía de nova instauración, que se implantou para facer máis fluída a circulación da zona, bifúrcase da AC-550 un pouco antes de chegar aos núcleos, discorrendo máis pegada á fronte costeira e non tan ben adaptada ao terreo, estas dúas estradas volveranse a unir unha vez pasados os núcleos. O resto do viario parte destas dúas estradas, son camiños locais que unen os asentamentos coa fachada costeira ou co interior.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O patrimonio existente centralízase sobre todo no núcleo da Igrexa, é un patrimonio etnográfico composto por cruceiros, hórreos e multitude de casas tradicionais. Nas marxes do Arroio Ameixenda sitúase un conxunto de muíños de auga de gran valor cultural. Pero sen dúbida o patrimonio máis importante con que conta a unidade é o Monumento Castelo do Príncipe (BIC), do século XVIII, formaba parella co Castelo do Cardeal, situado en Corcubión, alén da ría, e tiña unha misión defensiva.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

O carácter que define á unidade reside no mantemento do modelo de organización do territorio baseado na actividade agraria, onde dominan os asentamentos tradicionais. Mentres que o seu bordo litoral está composto dunha fachada rochosa, con algunhas praias intercaladas, bañadas pola Ría de Corcubión.

DINÁMICA DA PAISAXE

Pódese apreciar un certo abandono das parcelas de cultivo, sobre todo as máis afastadas dos núcleos que son agora invadidas por masas de repoboación autóctonas. As ladeiras dos montes que encerran a unidade, outrora estaban cubertas de árbores de repoboación, agora, a causa dos incendios sufridos no 2006, están poboadas de matogueira. Sen dúbida a transformación máis importante dentro da unidade é a aparición da estrada AC-197.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Esta unidade destaca pola conservación das súas agras, caracterizadas polo mosaico de cultivos existentes nelas. A paisaxe esta dotado con gran diversidade de hábitats, como bosques de ribeira en torno ao arroio e bosques autóctonos de Castanea Sativa e de Quercus robur. Destaca a súa fachada litoral apenas antropizada. A todo isto hai que unirle a gran riqueza patrimonial que posúe. Desde calquera punto da fachada litoral existe unha visibilidade da fachada oposta da Ría de Corcubión. Un bo punto de observación da unidade obtémolo desde a cima do Monte de Ameixenda, o cal ten bo acceso por pistas forestais.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS



















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, huso 29



